JOSE LUIS SUAREZ MARTINEZ (1 para 1)
ALCALDE
Data de Sinatura: 24/11/2026
HASH: 1293269961887ccc f4d94a1676cfba25

EDICTO

Faise público que, mediante Decreto da Alcaldía de data 24 de novembro de 2026, aprobáronse as bases que rexerán o Concurso de postáis de Nadal 2026, organizado polo Concello de Monterrei.

BASES DO CONCURSO DE POSTAIS DE NADAL 2026

Primeira. Participantes.

Poderán participar todos os nenos e nenas do CEIP de Medeiros, do CRA Monterrei (aulas Vilaza e Vences) e das casas niño ALOUMIÑO, O PRINCIPIÑO e ENREDOS.

Segunda. Tema e características das postais.

Tema: "O Nadal"

As postais realizaranse en cartolina de tamaño A5.

A técnica empregada será libre (debuxos en cor ou en branco e negro, colaxe, ceras, etc.). Poderán utilizarse só imaxes ou estas combinadas con texto.

Cada participante poderá presentar unha única postal. A postal deberá estar asinada polo alumno ou alumna no reverso. Será imprescindible indicar o nome, os apelidos, a idade e o curso do/a participante.

Terceira. Presentación e prazo.

As postais deberán entregarse nos respectivos centros educativos e casas niño participantes, que se encargarán de remitilas ao Concello de Monterrei.

O prazo de presentación das postais finalizará o día 9 de decembro de 2026.

Cuarta. Categorías e premios.

Establécense catro categorías por tramos de idade, tendo en conta a idade do/a participante na data de finalización do prazo de presentación:

- Ata 3 anos.
- De 4 a 6 anos.
- De 7 a 9 anos.
- De 10 a 12 anos.

Haberá un premio por categoría, consistente en material escolar.

Quinta. Xurado e fallo.

Cod. Validación: 7RC4L63FACMGERRZ9HLSH6RHY
Corrección: https://monterrei.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 2

O xurado estará formado por unha persoa representante de cada unha das ANPA dos centros educativos participantes e por unha persoa representante do Concello de Monterrei, que actuará como presidenta do xurado e terá voto de calidade en caso de empate. Os membros do xurado non poderán votar a favor de familiares seus. O xurado emitirá o seu fallo o día 10 de decembro de 2026.

Sexta. Propiedade e exposición das postais.

As postais gañadoras quedarán en propiedade do Concello de Monterrei, que se reserva o dereito de utilizalas como felicitacións de Nadal.

Ademais, realizarase unha exposición con todas as postais participantes.

Sétima. Entrega de premios.

A entrega de premios aos catro gañadores realizarase no Concello de Monterrei.

Oitava. Aceptación das bases.

A participación neste concurso supón a aceptación das presentes bases.

O que se fai público para xeral coñecemento e participación.

En Monterrei, na data da sinatura electrónica.

O ALCALDE

José Luís Suárez Martínez

Cod. Validación: 7RC4L63FACMGERRZ9HLSH6RHY
Corrección: https://monterrei.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2